



**ACTA N.º 4/2013  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 2 DE MAIO DE 2013**

**ASUNTOS**

**TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DE D.<sup>a</sup> ANA PÉREZ PÉREZ  
DECLARACIÓN SOBRE O ACOSO SEXUAL**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2013
- I.3.- ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADE "CAMPAMENTO DE VERÁN 2013"
- I.4.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE "REXEITAMENTO DO PAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES"
- I.5.- RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA REFORMA LOCAL
- I.6.- REVISIÓN DE PREZOS DE CESPA 2012

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á: SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS SOCIAIS.
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez (\*)
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte (\*)
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada (\*)
- D. Rubén Rial Sánchez (\*)
- D. Manuel Doldán Costas (\*)
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez (\*)

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 2 de maio de 2013
- *Lugar de celebración:* Iniciouse no Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán e continuou ata o seu remate no salón de actos do edificio administrativo anexo.
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao trasladarse a esta data o pleno ordinario do mes de abril.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 13:15
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

**Incidencias:**

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros que abandonan a sesión e momento en que o fan:* Cando estaba aberto o debate do punto realtivo á acta anterior, ausentáronse D. Juan Antonio González Pérez, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada, D. Rubén Rial Sánchez, D. Manuel Doldán Costas e D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

b) Outras incidencias:

Ao comezo da sesión, reproducíndose a situación que xa se dera en anteriores ocasións de fortes ruidos e golpes nos cristais exteriores do salón de sesións producidos por persoas alí concentradas. O Sr. Alcalde-Presidente propón que se traslade o acto a outro lugar no que se poida facer o debate con normalidade.

Coas circunstancias sinaladas iniciouse a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen.

**TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA DE D.<sup>a</sup> ANA PÉREZ PÉREZ**

Como consecuencia da renuncia da Concelleira do PSdeG-PSOE D.<sup>a</sup> Rosa Manuela Vilán Costas, a Xunta Electoral Central expediu credencial en favor da seguinte candidata da lista electoral D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez.

Estando presente a designada, prestou promesa de cumplir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e fazer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/85, do 19 de xuño, e tomou posesión do seu cargo.



**Intervención:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dálle a benvida á nova Concelleira da Corporación.

**DECLARACIÓN SOBRE O ACOSO SEXUAL**

O Sr Alcalde indica que queda pendente para outra sesión.

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 4 de abril de 2013*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Vaise abster, porque non estivo presente naquela sesión, pero indica que a súa non asistencia xustificouna nun correo remitido ao Alcalde a véspera da sesión, fundamentalmente porque non se respectaron nin as 24 horas da convocatoria.

**Incldencia:**

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Pregunta á Presidencia se van deixar entrar á sesión xente que está fóra.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os criterios de acceso márcaos a policía por custiós de seguridade.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Queda constancia de que é a policía quien decide.

*D.º M.º Dolores Martínez Losada, do grupo Socialista:* Non se pode vetar a entrada da xente. Non son delincuentes, senón persoas ás que lles roubaron.

Os concelleiros do grupo Socialista abandonan os seus escanos.

---

*D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:* Presentou un escrito por rexistro xustificando as razóns da súa non asistencia á sesión anterior e remitiu un previo correo á Secretaría particular comunicándolle as circunstancias. No se acordou coa oposición o día e hora daquela convocatoria. Absterase por non haber asistido á sesión.

**Incldencia:**

*O Sr. Alcalde-Presidente:* Á vista de que se mantén o ruido exterior que impide seguir con normalidade o debate, volve a propor o traslado da sesión a outro salón no que poida

continuarse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Xa ten tomada a decisión de asistir ao pleno, e non permitir que se aproben máis orzamentos sen crítica. A decisión é do Alcalde.

*D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:* Propón que se suspenda o pleno e que se busque outra data para celebralo, porque ainda que o orzamento é importante tamén o é o que está sucedendo fóra, e hai que entender o que está pasando na rúa.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Vaise facer o traslado para poder celebralo con normalidade, e invita ás persoas do público a que acompañen á Corporación.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* A raíz do sinalado polo Sr. Fernández Comesaña, indica que el tamén prefire que se suspenda o Pleno. Pero se o vai a celebrar só o partido Popular, entón el tamén estará.

Ás 10:12 horas interrómpese a sesión e os asistentes traslándase ao salón de actos do edificio administrativo anexo, onde continua a partir das 10:18 horas, coa presencia dos nove concelleiros do grupo popular e os dous do grupo mixto.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Agradece a presencia dos dous membros da oposición e do público. Lamenta unha situación que non é agradable e indica que a Corporación é solidaria co problema dos afectados polas participacións preferentes, pero a actividade municipal debe continuar.

*D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:* Insiste en que el pediu que se suspendese este pleno, e que se intentase dialogar cos afectados, en lugar de mirar para outro lado e facer o pleno case a porta cerrada. Se asiste é solamente porque está previsto debater o orzamento.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Antonte impedíuselle entrar á xunta da mancomunidade do Val Miñor, da que é membro. Allí aprobáronse os orzamentos. Con independencia das consecuencias que iso que teña, decidiu que non volverá a consentir que o PP aprobe en solitario orzamentos e outras cuestiós importantes sen dicir o que corresponda.

O Sr. Alcalde-Presidente permite que dous membros da plataforma de afectados polas participacións preferentes que se atopan na sala fagan uso da palabra, circunstancia que estes aproveitan para sinalar que esta é a única maneira que teñen para reclamar o que é seu, buscando o apoio das Corporacións Locais a este problema social, sen ter en conta a súa cor política. Xa hai acordos plenarios tomados que se deberían levar a cabo. Non hai que facer política coa dor da xente que foi estafada. Neste momento é o PP quen goberna e ten a chave para solucionar o problema, e máis tendo en conta que Novagalicia Banco é unha entidade intervida polo Estado. O que non é de recibo é que a Conselleira de benestar social diga que non sabe o que son as preferentes.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Esta mesma semán remitiulle unha carta ao Presidente do Goberno, manifestando a situación que aquí se está vivindo. Trátase de dar pasos, porque somos os primeiros que queremos que isto se arranxe. Invita aos tres Concelleiros do grupo Socialista que se atopan entre o público a que ocupen os seus postos.

*D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:* Comparte o dito polos afectados e expresa a súa conformidade con que se convoque un pleno extraordinario para tratar este grave problema, ainda que a competencia para a solución non sexa dos Concellos. É certo que se está utilizando politicamente, e bota en falta que o principal partido da oposición, responsable en boa medida



desta situación, non estea arrimando o hombro, como tamén é unha irresponsabilidade o que dixo a Conselleira.

*Sr. Alcalde:* Chama á orde á Concelleira Sra. Martínez Losada, presente entre o público, por increpar ao Sr. Fernández Comesaña.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Apoia a proposta dos afectados de que se trate a cuestión nun pleno extraordinario.

*D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto:* Pide que conste que a Concelleira Sra. Martínez Losada, situada entre o público asistente, o calificou como "sinvergüenza".

---

*Sr. Alcalde-Presidente:* Somete á votación a acta da sesión anterior.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 4 de abril de 2013 queda aprobada cos votos a favor dos nove Concelleiros do grupo Popular e dúas abstencións dos dous Concelleiros do grupo mixto.

## I.2.- ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2013

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 24 de abril de 2013, informa favorablemente o expediente do orzamento xeral exercicio 2013, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Cumprindo o establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, realizados todos os trámites para a elaboración do orzamento xeral municipal correspondente ao exercicio 2013, este Alcalde propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral nun informe referencia T 35/13, de data 22.04.13, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

2º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o exercicio 2013, co seguinte resumo por capítulos de ingresos e gastos:

### ESTADO DE INGRESOS

#### A) Operacións correntes

Capítulo	Denominación	Euros
1	Impostos directos	4.992.648,00
2	Impostos indirectos	185.000,00

3	Taxas e outros ingresos	3.394.700,00
4	Transferencias correntes	3.715.679,33
5	Ingresos patrimoniais	78.211,56
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>12.366.238,89</b>

#### A) Operacións de capital

Capítulo	Denominación	Euros
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	184.838,24
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>209.838,24</b>

**Total estado de ingresos** **12.576.077,13 euros.**

#### ESTADO DE GASTOS

#### A) Operacións correntes

Capítulo	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	3.979.737,46
2	Gastos en bens correntes e servizos	6.853.988,17
3	Gastos financeiros	279.196,21
4	Transferencias correntes	242.850,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>11.355.771,84</b>

#### B) Operacións de capital

Capítulo	Denominación	Euros
6	Investimentos reais	209.914,38



7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	985.390,91
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>1.220.305,29</b>

**Total estado de gastos** **12.576.077,13 euros.**

**3º.-** Aprobar as bases de execución do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013, así como os investimentos recollidos no capítulo 6 do estado de gastos e no anexo de investimentos do orzamento citado.

**4º.-** Aprobar o cadre de persoal relativo ao persoal funcionario, laboral e eventual do Concello de Nigrán para o ano 2013, de conformidade co disposto no artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, así como o anexo de persoal, coa relación valorada de tódolos postos de traballo.

**5º.-** Expoñer ao público o orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello ([www.nigran.org](http://www.nigran.org)) para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións ao orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013, entenderáse definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederáse na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, será preciso que se proceda á publicación á que fai referencia o apartado 3 do mesmo artigo.

**6º.-** Remitir unha copia do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2013 á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Resume as directrices do orzamento, facendo referencia aos investimentos, á consignación para pago de xuros impostos por resolucións xudiciais; recoñecementos de crédito; minoración nas subidas de tributos; accións referidas á detección de fraude tributario. Tamén lembra que hai administracións que teñen débedas co Concello.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* No que se refire ao procedemento, o sistema seguido fai que sexa unha elaboración do goberno. Á oposición mantéñena á marxe. No ámbito parlamentario, a participación da oposición é maior. Debería buscarse un sistema que

incorporase incluso aos axentes económicos e sociais. No que se refire ao fondo, o rozamento redúcese nun millón de euros con relación ao anterior. Deste xeito, a realidade vaise impondo. Non sabe en que se tivo en conta o plan de saneamento, a non ser para non cumplirlo. Vense a recoñecer que a situación económica é mala e segue empeorando. Fálase de dar prioridade a combater as bolsas de fraude. Isto apóiao. Por outra parte, deben levar a cabo o que din na memoria sobre ampliar os concursos a materias coma as de telefonía ou enerxía. A situación dos investimentos é miserable, a pesar de que se incrementan as transferencias do Estado. As revisións dos prezos, parece que se fan automaticamente, sen previo control do grao de cumprimento dos contratos. No relativo aos gastos, os correntes soben un 5% sobre os do 2012, aínda que o orzamento, no seu conxunto, baixa. Isto provoca a diminución dos investimentos que quedan reducidos a pouco máis de 200.000 euros. Os gastos de persoal, baixan case 50.000 euros, pola eliminación dunha praza e a redución dos salarios. Pero non a todos se lles baixa. En materia de seguridade, pola contra, sóbese a 6 meses a permanencia dos policías de auxiliares de reforzo estival. Non sabe se isto é necesario, sobre todo á vista da ratio de policías por habitante que hai en Nigrán. O capítulo II de gastos increménntase máis dun 8%, o que evidencia que non se controla o gasto corrente, que supón máis da metade dos gastos totais, superando as previsións do plan de saneamento. Todo isto vai en contra dos investimentos, que se destinan, entre outros fins, ao pago de anualidades do contrato do PXOM ou ao da RPT, é dicir, a compromisos xa adquiridos.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Pártese dun remanente negativo de tesourería que se arrastra desde hai anos. Nestes casos habería que actuar contra o desfase aplicando as oportunas medidas legais. No relativo aos ingresos, increménntase a presión fiscal; o capítulo IV tamén se incrementa. En comparación co exercicio anterior, a deste ano parece unha previsión más realista. Só aparece a achega para o PXOM como transferencia externa significativa. Pregunta onde están as bolsas de fraude fiscal cando as previsións de ingresos case non aumentan. Chama a atención a elevada previsión por multas de tráfico, apartado no que se está observando un crecemento desmesurado. A APLU segue sen ingresar nada pola súa actuación. No que se refire aos gastos, o capítulo I supón un 32% sobre o orzamento. O capítulo II, increménntase: así, telefonía móvil, gasto enerxético, alumeadoo público... Sobe un 20%, cun recoñecemento adicional que provén de 2012. Os investimentos supoñen pouco máis 170.000 euros de fondos municipais, dun orzamento de 12.000.000 euros. Hai previsións para vías públicas, parques infantís ou zonas verdes, pero o único aspecto no que se consigna con xenerosidade é para equipos informáticos, no demais, a situación resulta penosa. Por outra parte, os orzamentos presentánsen con 6 meses de atraso. Tamén se aprecian recortes en servizos sociais; eliminanse subvencións para actividades deportivas e culturais, sen prexuízo de que o Alcalde acuda ilegalmente ao capítulo II para dalas. Non se contempla unha escola-obraidoiro para fomentar o emprego. Os informes e reparos son moi críticos, sobre todo no recoñecemento extraxudicial. Pide que expliquen a partida de xuros para pago de sentenzas. Ao mellor as prescripcións declaradas están na orixe dos prunciamentos xudiciais.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O procedemento de contratación non foi o correcto.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pide toda a información dese expediente. Rexeita o orzamento que demostra a falta de ideas do goberno, que carga a crise sobre os más débiles.



*Sr. García Pazos:* Non se fixeron as comparacións de forma axeitada. Do 2006 ata agora as cifras de débeda e remanente de tesourería melloraron ostensiblemente. Actualmente estanse pagando investimentos que fixeron outros, incluídos os recoñecementos de crédito, e ata comidas. O orzamento é realista, buscando que non se gaste o que non hai. As multas teñen que ver coas infraccións que se cometan. Ao Sr Rodríguez Fernández dille que os orzamentos apróbanse agora porque foron necesarios moitos axustes para garantir o equilibrio orzamentario. Nos gastos de telefonía, vense incrementando o aforro sobre a situación anterior. Na cuestión sobre os concursos para abaratar determinados servizos a dificultade está en non perder as baixas de prezos que van ofertando as compañías; no que se refire á enerxía, imos poñéndonos ao día, saldando os atrasos. O recoñecemento extraxudicial vai para gastos en enerxía eléctrica; factura adicional de CESPA, pago a Autoridade Portuaria, factura de GESECO ou RPT. Hai que buscar fontes financiamento externo. Para servizos sociais apórtanse máis de 170.000 euros.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Dentro dos gastos correntes hai algúns que non o son. El tamén criticou no seu día o atraso co que o goberno PSOE-BNG aprobou o seu primeiro orzamento; momento no que a concellería de facenda era do PSOE. Pídelle ao goberno que se hai algo que denunciar do pasado, que o denuncien, pero que non o utilicen para amedrentar a oposición.

*Sr. Fernández Comesaña:* Se hai irregularidades afectarán a todos os interesados, pero non poden usalas para amedrentar só a quien aínda é membro da Corporación. Ten a conciencia moi tranquila. Por outra parte, o Interventor dille ao Alcalde que pode haber fraude de lei na concesión das subvencións. No 2006 o goberno era do PP, incluídas as áreas de facenda e contratación. Aínda non cobraron a expropiación do almacén, nin a anualidade deste edificio. Non se explicou cal foi a bolsa de fraude fiscal detectada. O cálculo da regla de gasto ten un erro na recadación neta, que non varía o resultado. O remanente negativo de tesourería obligaría a aprobar o orzamento con superavit, entre outras posibles medidas. Os orzamentos reflecten a parálise do goberno.

*Sr. García Pazos:* As advertencias da Intervención son moito menores que as de pasados exercicios. Hai que ser prudentes na previsión dos ingresos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sobre a posición do BNG hai puntos de acordo. É certo que son propostas do goberno, pero sen deixar de lado a participación da oposición, que non aportou nada na comisión informativa nin fóra dela. É certo que o orzamento é realista e austero, axustado ás posibilidades. Ademais búscanse compromisos con outras administracións. Estase suavizando a presión fiscal prevista no plan de saneamento. Na busca das bolsas de fraude trátase de conseguir que todos paguen. Faltaban unhas 1.000 unidades que non pagaban lixo e más de 300 o IBI. Os concursos son idóneos para a redución de gastos. Na telefonía o axuste foi significativo e xa acada un 34%; en enerxía adoptáronse medidas de aforro. A explicación do importe do gasto corrente hai que buscala no incremento do IVA e no recoñecemento extraxudicial de créditos de exercicios anteriores. Os investimentos trátanse de reforzar con achegas externas. Non se recortan salarios; a redución é pola eliminación do plan de pensións e dos gastos de seguro sanitario privado. Aumentanse os auxiliares da Policía Local o que leva consigo incremento do emprego, mellora do servizo e más posibilidade de que os profesionais poidan acollerse ás compensacións horarias. A UCN dille

esperan obter un remanente positivo este ano. Para servizos sociais e emprego contémplase unha achega moi significativa do municipio; e tamén haberá contribucións da Mancomunidade con ese fin. O goberno contemplou e deu contido á Concellería de emprego, dotando partida para un plan de emprego. Ademais as outras administracións tamén aportarán recursos. O alumeadoo sobe pola posta en marcha do parque empresarial, e o mesmo pasa coas zonas verdes. Lamenta a falta de recursos para máis investimentos. Tráese agora o orzamento a Pleno, despois dun traballo exhaustivo da área económica, no que foron necesarias moitas xustificacións. Ao Sr. Fernández Comesaña, sobre os 172.000 euros de intereses a Hidroscivil e Fergó, por retrasos no pago, dille que van a actuar para chegar ao fondo do asunto.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pide a documentación relativa ás sentenzas ás que se refire o Alcalde. Canto antes. E que se persiga a todos por igual. Os concelleiros non son responsables do que fai o Alcalde. Ademais, aclara que non houbo duplicidade na prestación sanitaria, xa a privada era unha opción legal. Non sempre lle están reclamando a quien debe tributos, senón que, en algúns casos, diríxense a quen xa pagou.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 2; grupo mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión informativa nos seus propios termos, deixándose constancia de que no informe da Intervención de 24-4-2013 (rfa. T 35/13), incorporado ao expediente, indícase que o orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2013 cumple, en principio, e formalmente cos requisitos establecidos na LOEOSF con respecto ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, á "Regla de gasto" e ao nivel de débeda.

### I.3.- ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADE “CAMPAMENTO DE VERÁN 2013”

A Comisión Informativa de Especial de Contas, con data 24 de abril de 2013, propon a adopción do seguinte acordo:

A Concellería de Patrimonio, Igualdade e Xuventude a través do Centro de Información ás Mulleres ten previsto organizar o Campamento de Verán 2013 coa finalidade de articular un recurso que facilite a conciliación da vida laboral, familiar e persoal co coidado dos nenos e nenas.

#### Xustificación da necesidade que se pretende cubrir

O verán representa unha situación problemática para as familias nigranenses ante a carencia de recursos públicos e/ou privados no Concello de Nigrán e na Comarca do Val Miñor que permitan a conciliación unha vez rematado o curso escolar.



A Concellería de Patrimonio, Igualdade e Xuventude consciente de esta necesidade ven organizando o campamento urbano dende o ano 2011 con unha excelente acollida (nos dous anos anteriores a demanda de inscricións superou o número de prazas ofertadas). Coa finalidade de dar resposta a esta necesidade, propoñémonos organizar un novo campamento para o ano 2013.

Esta actividade está incluída no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Nigrán.

Por outra parte compre sinalar que a Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Régime Local establece no artigo 28 que "os Municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, as relativas á educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e a protección do medio ambiente".

#### **Obxectivos**

- Proporcionar ás nais e pais a posibilidade de conciliar as obligacións familiares e laborais.
- Promover nos nenos e nenas participantes actitudes igualitarias e non sexistas

#### **Número de persoas participantes**

No "Campamento de Verán 2013" ofertaranse 90 prazas para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e 11 anos

#### **Lugar, datas e horarios**

O campamento desenvolverase dende o 24 de xuño ata o 31 de xullo nas instalacións do CPI Panxón para o que se solicitou a preceptiva autorización á

Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dende o campamento proporanse dous horarios diferentes organizados en intervalos temporais concéntricos coa finalidade de respetar ás necesidades das persoas participantes: 75 das prazas terán un horario das 9:00 horas ás 14:00 horas e as 15 prazas restantes terán un horario das 8:00 horas ás 15:00 horas

#### **Custos da realización da actividade**

A realización do Campamento de Verán 2013 coneleva os seguintes custos.

- a) Contratación dunha entidade para o desenvolvemento do campamento de verán 2013.

Solicitaránose catro orzamentos. A continuación detállanse as entidades e os importes dos orzamentos presentados:

- Imaxina. Servizos Educativos e Culturais: aportou unha memoria de actividades e un orzamento cun importe total de 8.670 euros
- ACTEXGA S.L.: aportou unha memoria de actividades e un orzamento cun importe de 90 euros por participante e quincena.
- Pasatempos Escola de Tempo Libre: aportou unha memoria de acividade e un orzamento cun importe de 11.385,00 euros mais IVE, o que arroxa un total de 13.775,85 euros
- Conforocio: aportou unha memoria e un orzamento cun importe de 11.984 euros

A realización da actividade "Campamento de Verán 2013" adxudicarase á entidade Imaxina. Servizos Educativos e Culturais por ter presentado a proposta económica mais ventaxosa

- b) Contratación dunha entidade para a limpeza das instalación do CIP Panxón que se utilizarán para o desenvolvemento do campamento.

Solicitáronse tres orzamentos. A continuación detállanse as entidades e os importes dos orzamentos presentados:

- Val Miñor Limpezas: aportou un orzamento cun importe de 522,48 euros
- Limpiezas Lage S.L.: aportou un orzamento cum importe de 550, euros mais IVE, o que arroxa un total de 665,5 euros
- Limpiezas Cies S.L.: aportou un orzamento cun importe de 620,00 euros mais IVE, o que arroxa un total de 750,2 euros

A realización da limpeza das instalación do C.P.I. Panxón destinadas ao desenvolvemento do "Campamento de Verán 2013" adxudicarase á entidade "Val Miñor Limpezas" por ter presentado a proposta económica mais ventaxosa.

O custo total do "Campamento de Verán 2013" áscenderá a un importe de 9.192,48 euros

### **Financiamento**

Para a financiación de esta actividade contarase cos seguintes recursos:

- a) Os prezos públicos que aboarán as persoas participantes. Segundo o exposto na memoria económico financeira, recaudaranse un total de 6.450 euros.
- b) A Concellería de Patrimonio, Igualdade e Xuventude ten previsto concurrir na convocatoria de subvencións que cada ano convoca a Secretaría Xeral de Igualdade coa finalidade de proporcionar recursos para a conciliación. Solicitarase o 79% do importe resultante da diferenzia entre os custe total da actividade (9.192,48 euros ) e o importe que se

recaudará mediante o abono dos prezos públicos polas persoas participantes ( 6.450 euros ), e que ascende a 2.742,48 euros.

O importe total da subvención que se solicitará ascenderá a 2.166,55 euros

c) Recursos propios do Concello de Nigrán: dende o Concello de Nigrán aportárase o 21% da cantidad sinalada no apartado anterior ( 2.742,48 euros ) e que arroxa un total de 575,93 euros

Proposta de acordo para o establecemento dos prezos públicos:

1º.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral na sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas celebrada o 24/04/13, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

2º.- Segundo o exposto nesta proposta para o establecemento dos prezos públicos para a realización da actividade "Campamento de verán 2013", e na memoria económico financiera que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 3.3.a) da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Nigrán propónse o acordo de establecemento do prezos públicos nos seguintes términos:

**A cuantía dos prezos públicos para as persoas participantes no Campamento de Verán 2013 será a que a continuación se relacionan:**

Campamento urbano 2013, horario ordinario (9:00/14:00)	70,00 euros
Campamento urbano 2013, horario ampliado (8:00/15:00)	80,00 euros

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Dª. María José Pino Fernández, concelleira delegada:* Explica os detalles do campamento, a xustificación do mesmo e os prezos previstos, que son inferiores aos custos.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Unha parte parece que se financiará con subvención autonómica. ¿que grao de seguridade hai de obtela?

*Sra. Pino Fernández:* Esperase que se conceda, senón terá que pagar o Concello.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Parece que a competencia era da Xunta de goberno. Non hai informe do Interventor.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tráese ao Pleno, por coincidir coa celebración desta sesión, o que supón un aforro.

*Sr. Fernández Comesaña:* Debíase buscar o equilibrio entre ingresos e gastos, sen financiar

servizos que non son obligatorios.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O Concelleiro de UCN era partidario de subvencionar certos servizos, e este parece que non.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; grupo mixto.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión informativa nos seus propios termos.

#### **I.4.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE “REXEITAMENTO DO PAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES”**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de abril de 2013, acordou dictaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo grupo socialista:


"A Xunta de Galicia veu de anunciar nas primeiras semanas do mes de marzo un incremento nas taxas polo uso dos comedores escolares limitando o acceso aos mesmos a unha gran parte dos alumnos/as e encarecendo notablemente o uso dos mesmos, con criterios estritamente economicistas.

O mantemento dos servizos públicos susténtanse nos principios de solidariedade e progresivididade fiscal. A Xunta de Galicia rechazou recentemente, na tramitación dos presupostos autonómicos do 2013, unha propostas do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rentas más altas na procura de mellorar a progresividade fiscal en Galicia co único argumento de que a efectividade recadatoria da medida proposta polo PSdeG-PSOE sería "irrelevante".

Na mesma tramitación dos presupostos, o PSdeG-PSOE tamén propuxo a creación dun imposto á banca sobre os depósitos, proposta esta que o PP rexeitou co seu voto en contra no Parlamento de Galicia. Feijoo negouse a apoiar todas estas iniciativas propostas polo PsdeG renunciando así a medidas que afondaban na progresivididade fiscal e na idea de que paguen "máis o que máis ten".

Agora o PP por voz do seu Conselleiro de Educación utiliza o argumento de que "pague máis o que máis ten" para extender e endurecer un re pago polo uso dos comedores escolares nun novo ataque á clase media traballadora polo uso dun servizo básico educativo. Esta medida suporá, por exemplo, que moitas familias con dous fillos teñan que pagar 198€ polo uso do comedor no vindeiro mes de Abril do ano 2014.

En lugar de incrementar o IRPF para as rentas más altas ou crear un novo imposto á banca, a Xunta de Galicia prefire subir as taxas polo uso dos comedores escolares ao tempo



que despide a miles de profesores e se gasta máis de 3 millóns de euros ao ano na subvención de colexios vinculados á igrexa e declarados ilegais por segregar ao seu alumnado por razón de sexo ou manter intactos os 28 millóns de € que se destinan ao ensino da relixión nos colexios.

O re-pago nos comedores escolares é un paso máis na desigualdade no acceso aos servizos públicos ao que seguirán outras medidas, coa mesma lóxica argumental, como o do re pago no transporte escolar.

Polo exposto, e ante o novo ataque do Partido Popular aos cidadáns galegos, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para o seu debate e posterior aprobación, a seguinte MOCIÓN

- O Concello de Nigrán manifesta o seu total rexultamento ao re-pagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta para o vindeiro curso, por ser un novo machadazo ás clases medias traballadoras.
- Que en caso de que a Xunta de Galicia continúe coa súa actitude o Concello de Nigrán non deixe a ningún neno ou nena sen o seu dereito ao comedor escolar pala súa situación económica e nos orzamentos para o 2013 se contemple unha cantidade que cubra esta necesidade e desigualdade manifesta."

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Propón que quede sobre a mesa, xa que non está presente o grupo propoñente.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* No Pleno anterior votouse en contra unha moción del, a pesar de que non estaba.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non hai inconveniente en volvela a traer.

**Votación da proposta de deixar asunto sobre a Mesa (art. 92 do ROF).**- Co voto favorable dos once membros da Corporación presentes, o Pleno do Concello acorda que o asunto quede sobre a Mesa.

#### **I.5.- RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA REFORMA LOCAL**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de abril de 2013, acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo concelleiro do grupo mixto Xavier Rodríguez Fernández:

"O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local

e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla mayoría en Galiza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo “evitar duplicidades”. Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente más prescindible do entramado institucional actual. Porén, introducense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Alén dessa limitación, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

#### 1. Instar ao Goberno do Estado a

- a. Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- b. Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.
- c. Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.

d. Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplio marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos

**2. Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentares no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP.”**

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Esta reforma trata de recortar competencias dos Concellos baixo o pretexto de quitar duplicidades. Con isto conséguese reforzar ás Deputacións ou á iniciativa privada. Hai moitas administracións que xa se pronunciaron. Propón que se aprueba instar a retirada do proxecto, que se eliminen as Deputacións, e que se aprueba un plan de financiamento local.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* É unha iniciativa acertada, sen prexuízo de que sexa positivo eliminar duplicidades. Apoiará a moción.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Manteñen o voto de abstención que formularon na comisión. Rexeitan o proxecto actual áinda que non comparten integralmente a proposta.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 2; grupo mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión informativa nos seus propios termos.

### I.6.- REVISIÓN DE PREZOS DE CESPA 2012

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 25 de abril de 2013, formula ó Pleno a seguinte proposta:

Vista a solicitude, presentada por "Cespa, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.", o día 25-06-2012 (registro de entrada n.º 8.379), de revisión de prezos e de abono de atrasos, referidas ao contrato administrativo asinado con este Concello o 14-12-2004.

Vista a enquisa sobre o servicio de recollida de residuos sólidos urbanos realizada pola empresa NOVOTEC.

Visto o informe emitido pola Enxeñeira municipal o 21-01-2013 e de conformidade co indicado pola referida técnica en informe do día 08-03-2013 con referencia ó valor do factor K '(0,990).

Visto o informe do Interventor Xeral do día 29-01-2013, referencia T11/13.

Visto o establecido no Real Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (LCAP), como norma aplicable ao contrato administrativo do dia 14-12-2004.

Considerando (de conformidade co reiteradamente indicado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo) que os pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores da contratación administrativa constitúen a lei do contrato.

Considerando que o contratista ten dereito ás prestacións económicas previstas e á revisión das mesmas (no seu caso), nos termos que o propio contrato estableza, segundo o disposto ao respecto nos Pregos.

Considerando que as cláusulas de revisión de prezos previstas no Prego de condicións técnicas e económico-administrativas que rexen a contratación mediante concurso dos servicios de recollida de residuos urbanos e a limpeza pública do municipio de Nigrán (PCA) e aceptado incondicionalmente por "Cespa, S.A." deben permanecer inalterables durante toda a vida do contrato de conformidade co principio pacta sunt servanda.

Considerando que na revisión de prezos do contrato administrativo asinado polo Concello de Nigrán con "Cespa, S.A." o día 14-12-2004 é de preceptiva aplicación o establecido ao respecto no citado contrato administrativo, no PCA que forma parte do mesmo, así como o disposto na Lexislación de contratos das Administracións Públicas.

En consecuencia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Municipal no seu informe.**

**Segundo.- Aprobar a quinta revisión de prezos do contrato admtnistrativo asinado por este Concello con "Cespa, S.A." o 14-12-2004, con efectos dende o día 01-01-2012:**

$$P(5) = 1.195.250 ,28 ( 1,177885124 - 0,990 + 0,997 - 2 ) = 1.392.329,27 \text{ €}$$

**Terceiro.- Notificarlle este acorda á empresa "Cespa, S.A.", indicándolle que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998 de 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación deste acordo. sen prexuízo de que a empresa poida interpor calquera outro recurso que estime procedente.**



**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Resume o proceso seguido e os sucesivos informes emitidos. Segue habendo no informe da Intervención determinadas observacións. Estase controlando o bo funcionamento do servizo. A cuestión é técnica e débese aprobar.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Está en contra. A razón é que falta a parte que se refire ao control do traballo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Hai cousas sen corrixir sobre o control. Absterase.

*Sr. García Pazos:* As auditorías feitas serven para diagnosticar a situación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A fórmula hai que aplícalla. E o control débese facer.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 1; do Sr. Rodríguez Fernández, do grupo mixto.
- Abstencións: 1; do Sr. Fernández Comesaña, do grupo mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión informativa nos seus propios termos.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á: SUBVENCIÓNNS PARA SERVIZOS SOCIAIS.**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 5 de marzo 2013 e o 25 de marzo de 2013, ambos incluídos.

En especial o pleno toma razón do seguinte Decreto do 22 de marzo de 2013, que se transcribe:

**SUBVENCIÓNNS PARA SERVIZOS SOCIAIS**

Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidenticia, RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo , dunha subvención de 137.826,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal	30.026,00 euros
- Mantemento:	600,00 euros
- Axuda no Fogar:	
. Modalidade de prestación básica do Plan Concertado	0 euros
. Modalidade para persoas valoradas como dependentes	103.014,00 euros
- Xestión de programas	4.186,00 euros

Os programas de Axuda a Domicilio (dependencia) e gastos de persoal ( dous traballadoras sociais ) son prorroga, e a prestación de servizos continúa desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.

**SEGUNDO.-** Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluidos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2013 na contía de 191.301,15€, que supón unha porcentaxe do 58,12 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

**TERCEIRO:** Dar conta ao Pleno.

---

## II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**1.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:**

1.1 Pide que na subida Ureca-Souto se volva pintar o “ceda o paso”.

1.2. Pregunta cal é o criterio do goberno para devolver avais a dúas promotoras que non cumpriron a obriga de urbanizar na zona da Romana.

**Sr. Alcalde-Presidente:** Os criterios non subxectivos. Segundo os técnicos proceden as devolucións aos que teñen primeiras ocupacións concedidas. Nalgúns casos falta documentación e a solución non é fácil. No só se lle devolveron avais a empresas senón tamén a algunha persoa particular.

**Sr. Rodríguez Fernández:** Pódense producir inxustizas. O problema son licenzas de primeira ocupación mal dadas e o agravio comparativo é eximirles agora do aval. Hai xente que xa pagou polos gastos do aval máis que o importe deste. A culpa foi da inacción do Concello. Entende que a solución xurídica é moi complexa. Ocórreslle que podería incautarse o aval, pero resarcindo aos interesados dos gastos financeiros que non lle sexan imputables.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dada a complexidade do tema invita aos membros do grupo mixto a aportar iniciativas.

**2. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:**

2.1. No Camiño do Xixón, segue o erro na colocación da placa, porque se puxo no Camiño da Touza, e debía colocarse ao inicio do camiño do Xixón

2.2. Na estrada pola vía, concretamente na segunda rotonda da saída da autoestrada, parte da varanda está rota a consecuencia dun accidente. Pide que se inste á Xunta a que a repare.

2.3. ¿Por que non se leva a cabo a actualización do inventario?.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* De momento non hai dispoñibilidade económica, salvo que poidan utilizar os remanentes por baixas en determinados contratos.

2.4. ¿Avanzouse algo na incautación dos avais do SAU-3?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estase estudiando o recurso presentado polo banco.

2.5. ¿Como está o proceso do deslinde con Gondomar?.

*D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado:* Está pendente de contestación do Concello de Gondomar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Falará con eles.

2.6. ¿Como está a autorización das cámaras de vídeo-vixilancia instaladas na rúa?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estívose revisándose o expediente. Non hai software, nin autorizacións. Non están funcionando.

2.7. Sobre os transformadores de FENOSA no entorno da Estrada pola Vía, que foron colocados en zonas complicadas e de forma aérea cando deberían ser soterrados. Un incluso poderían afectar a unha zona verde. Pregunta se hai autorización para este e para outro á altura do Miramar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están fora de zona verde. De momento quedarán así.

*Sr. Fernández Comesaña:* Non ten sentido que se faga deste xeito, que non paguen nin teñen licenza.

2.8. Pregunta, en relación coa actuación do SEPRONA en Camos precintando unhas instalacións de cría de animais; e se teñen licencia e se seguen precintadas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestaralle por escrito, xa que non é unha actuación do

SEPRONA.

**2.9. ¿Que itinerario seguirán os autobuses de transporte público na parroquia de Panxón, a raíz da actuación que se pretende levar a cabo na zona?**

*Sr. Alcalde-Presidente:* O sentido descendente, manterase o actual; en dirección a Vigo, os autobuses irán por Patos.

**2.10. Pregunta sobre o plan que se había aprobado para a renovación da flota e mobiliario da concesionaria da recollida de lixo.**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está en marcha. Antes do 30 de maio estará rematado.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.